



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la caducidad de las centrales hidroeléctricas situadas en Galicia en las Confederaciones Hidrográficas administradas por el Estado.**

Las grandes empresas energéticas llevan décadas explotando los recursos hidráulicos de Galicia y obteniendo cuantiosos lucros económicos pero sin dejar ninguna compensación económica ni social en nuestro país. Muchas de estas infraestructuras de producción de energía fueron construidas durante la dictadura franquista, sin garantías ambientales y a un alto costo social y económico, asolando tierras agrícolas y desplazando poblaciones. Centrales que fueron entregadas mediante concesiones a muy largo plazo, que oscilan entre los 50, 75 o incluso 100 años de duración, para mayor lucro de Iberdrola, Naturgy o Endesa, entre otras. Un espolio que ahora continúa y que incluso se ampliará si se materializa la construcción de los diversos proyectos de presas reversibles previstos, que se sumarán a los saltos ya existentes.

Entretanto, muchas de estas concesiones están ahora a punto de finalizar, momento en el que las infraestructuras revertirán las administraciones públicas competentes. Procede pues asegurar un cambio en el modelo y la gestión pública de estas infraestructuras hidroeléctricas por parte de la administración gallega.

Algunas de estas grandes centrales hidráulicas tienen próxima la caducidad de la concesión y otras pueden finalizar entre el año 2033 y 2036. Algunas se pusieron en funcionamiento en las décadas de los 50 y 60 y llevan muchos años en explotación. El plazo máximo fijado por ley es de 75 años, pero desconocemos cuáles son los planes del Gobierno al respecto. Una vez que caduque esta concesión, revertirá al Estado, debiendo optarse por la gestión pública, procediendo a su transferencia a la Xunta Galicia, por ser el territorio en el que se sitúa la infraestructura. Es, por tanto, el momento oportuno para que Galicia asuma la gestión de sus recursos, haga una planificación energética propia y para que los beneficios reviertan en los gallegos y gallegas.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:




1. ¿Puede informar sobre cuál es la fecha de finalización de las concesiones de explotación de las distintas centrales hidroeléctricas situadas en Galicia en dominio público hidráulico de las Confederaciones Hidrográficas administradas por el Estado?
2. ¿Una vez que caduquen estas concesiones y que reviertan al Estado, está en disposición el Gobierno de mantener la explotación de las infraestructuras mediante gestión pública? ¿Puede asegurar el Gobierno que no precederá a una nueva concesión?
3. ¿Procederá el Gobierno a transferir a la Xunta de Galicia la gestión de las centrales cuya concesión caducará en los próximos años?
4. ¿Está de acuerdo en que la Xunta debe asumir la gestión de sus recursos hidrológicos para poder desarrollar políticas públicas de planificación energética que se ajustarán a las características propias de Galicia y a las necesidades de los gallegos y gallegas?

En Madrid, a 22 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



Sobre a xestión pública das concesión hidroeléctricas na Galiza e a súa transferencia á Galiza

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á caducidade das centrais hidroeléctricas sitas da Galiza nas Confederacións Hidrográficas administradas polo Estado.**

As grandes empresas enerxéticas levan décadas explotando os recursos hidráulicos da Galiza e obtendo cuantiosos lucros económicos mais sen deixar ningunha compensación económica ou social no noso país. Moitas destas infraestruturas para a produción de enerxía foron construídas durante a ditadura franquista, sen garantías ambientais e alto custo social e económico, asolagando terras agrícolas e desprazando poboacións. Centrais que foron entregadas mediante concesións a moi longo prazo, que oscilan entre os 50, 75 ou mesmo 100 anos de duración, para maior lucro de Iberdrola, Naturgy ou Endesa, entre outras. Un espolio que agora continúa e que mesmo se ampliará de materializarse a construción dos distintos proxectos de presas reversíbeis previstos e que veñen a sumarse aos saltos xa existentes.

No entanto, moitas destas concesións están agora a punto de finalizar, momento en que as infraestruturas reverterán ás administracións públicas competentes. Procede pois asegurar un cambio no modelo e a xestión pública destas infraestruturas hidroeléctricas por parte da administración galega.

Algunhas destas grandes centrais hidráulicas teñen próxima a caducidade da concesión e outras poden finalizar entre o ano 2033 e 2036. Algunhas se puxeron en funcionamento na década dos 50 e dos 60 e levan moitos anos de explotación. O prazo máximo fixado por lei está en 75 anos, mais descoñecemos cales son os plans do Goberno ao respecto. Unha vez que caduque esta

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

22 ABR. 2026 13:44:59

Entrada **111896**



concesión, esta reverterá ao Estado, debendo optarse pola xestión pública, procedendo a súa transferencia á Xunta Galiza, por ser o territorio en que se sitúa a infraestrutura. É, por tato, o momento oportuno para que a Galiza asuma a xestión dos seus recursos, facer unha planificación enerxética propia e que os beneficios revertan nos galegos e galegas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Pode informar sobre cal é a data de finalización das concesións de explotación das distintas centrais hidroeléctricas sitas na Galiza en dominio público hidráulico das Confederacións Hidrográficas administradas polo Estado?
2. Unha vez que caduquen estas concesións e que revertan ao Estado está en disposición o Goberno de manter a explotación das infraestruturas mediante xestión pública? Pode asegurar o Goberno que non precederá unha nova concesión?
3. Procederá o Goberno a transferir á Xunta da Galiza a xestión das centrais cuxa concesión caducarán nos vindeiros anos?
4. Comparte que a Xunta debe asumir a xestión dos seus recursos hidrolóxicos para poder desenvolver políticas públicas de planificación enerxética que se axusten ás características propias da Galiza e as necesidades dos galegos e galegas?

Madrid, a 22 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso